

#ConectaESGalega  
Cultura en movimiento



ENTREVISTA

# DEHISTORIA, PASADO, PRÉSENTE E FUTURO



## ANO DE CREACIÓN

2004

## LOCALIZACIÓN

Santiago de Compostela, A Coruña

## SERVIZOS

Investigación baixo demanda e divulgación do coñecemento histórico

# EQUIPO

Somos **catro** socias: dúas traballadoras e dúas capitalistas. As catro somos **mulleres** e procedemos do **mundo académico**, con doutoramentos e experiencia en proxectos de investigación, publicacións, docencia, etc.

# COMO NACEU O VOSO PROXECTO CULTURAL?

Naceu da necesidade de buscar **emprego** mais alá do mundo universitario e da investigación académica, pero tamén do **convencemento** de que era necesario aterriزار todo ese saber pechado nos arquivos e bibliotecas e facelo funcionar para o beneficio social, cultural e económico da sociedade na que vivimos.

# QUE DESTACARÍADES DA VOSA TRAXECTORIA?

O inicio foi **complicado** de máis ao ser unha start-up dun ámbito científico, pero non dos campos técnicos tradicionais. E segue sendo difícil **crear mercado** e transmitir á sociedade o valor engadido que o coñecemento histórico pode ofrecer a unha marca ou produto.

Foi, e segue sendo, complicado moverse nos campos da xestión empresarial. É un reto para o hai pouca posibilidade de formación real. Os cursos de emprendemento non te preparan, e a formación existente é para xente con moito tempo. **Sabemos facer o noso traballo pero a xestión da empresa é un desafío.**

# O TECIDO CULTURAL GALEGO

Demasiado concienciado do valor social da nosa achega, o que leva a unha implicación moi importante en todo tipo de proxectos, ás veces sen cobrar ou cobrando pouco. **Temos que poñer en valor económico o noso traballo.**

Tamén é preciso facerlle ver á sociedade que **somos importantes** para o benestar das persoas, para o equilibrio das comunidades e para achegar outros valores aos nosos produtos e servizos.

Debemos ser conscientes de que somos un sector económico con máis presenza da que pensamos no PIB. E hai que dicilo.

Ese compromiso coas nosas comunidades e co país lévanos a non vernos como profesionais, e nisto temos que traballar máis, porque somos empresas. Unha cousa é o tecido cultural e outra son as empresas culturais, que **somos ferramentas que achegamos outro tipo de valor á sociedade** que vai máis alá.

Que non nos vemos como somos resulta evidente cando observamos as **estadísticas** do sector. Hai moitos sectores das empresas culturais que non están reflectidos neses números.

Recoméndovos mirar o que se entende noutros países de Europa por **industrias culturais** (Portugal, por exemplo) e revisar o que reflicten as estatísticas, como as do Observatorio do CCG. Quedan fóra empresas coma a nosa, así como aquelas que se dedican á rehabilitación de monumentos, por exemplo.

A razón é que as estatísticas e estudos se elaboran a partir dos códigos CNAE e cuns códigos concretos. Hoxe a cultura **reborda** esas estreitas marxes e non queda reflectida.

Posiblemente. esta é unha das razóns polas que estamos como agochadas da sociedade e de nós mesmas.



# A ECONOMÍA SOCIAL PROPICIA O EMPRENDEMENTO CULTURAL?

O sector cultural debe ser un dos que máis **prefire** este modelo de emprendemento. Posiblemente pola súa horizontalidade e porque, no fondo, todos somos algo hippies e temos fe neste modelo.

Noutros sectores entenden que a ES favorece o desenvolvemento, a comercialización, a mecanización... Non sei se cren no modelo ou non, pero **quen pertence a unha cooperativa aprecia os beneficios.**

“Non serás millonario/a pero farás de Galicia un sitio mellor.”